

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DE INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDIOS IRLANDESES “AMERGIN” DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Os artigos 14 a 17 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio, adícanse a regular os Institutos Universitarios de Investigación en canto ao seu concepto, funcións e clasificación. En concreto, o artigo 14 dos Estatutos conceptúa os Institutos universitarios de investigación como “centros adicados á investigación científica e técnica ou á creación artística e á docencia especializada, de posgrao e de doutoramento”. Pola súa banda, no artigo 47 dos Estatutos aparece recollida a figura dos/das directores/as dos Institutos Universitarios de Investigación.

Pola súa banda, o artigo 2 do Regulamento de creación, modificación e supresión dos institutos universitarios de investigación da Universidade da Coruña, aprobado por acordo do Consello de Goberno de 20 de julio de 2006, sinala que os institutos rexeranse polo establecido na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, pola lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia na materia, polos Estatutos da Universidade da Coruña, polo convenio de creación ou adscrición, no seu caso, polos acordos do Consello de Goberno e polo seu regulamento de réxime interno. En dito Regulamento inclúense normas sobre os membros do instituto e sobre os órganos de goberno e dirección, detallándose a forma de elección e as competencias dos mesmos, respectando o establecido nos Estatutos da Universidade da Coruña.

A regulación do réxime de funcionamento e organización do Instituto Universitario de Estudios Irlandeses “Amergin” fica enmarcada, deste xeito, na normativa estatal e autonómica aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no Decreto 101/2004, de 13 de maio, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña, así como na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa e que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación. Tamén resultan de aplicación os acordos do Consello de Goberno na materia, e en particular o acordo de creación do Instituto Universitario de Estudios Irlandeses “Amergin”.

## **TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN**

### **Artigo 1. Obxecto do regulamento**

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e organización do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin”.

### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

O presente regulamento será de aplicación ao Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” da Universidade da Coruña e consecuentemente será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros del.

### **Artigo 3. Réxime xurídico**

1. O Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” rexerá pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento, polo acordo de creación do Instituto mediante decreto 340/2003 do 24 de xullo de 2003 e, finalmente, polo presente Regulamento de réxime interno.
2. En defecto do establecido no presente Regulamento aplicarase a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do instituto poderá formularse recurso de alzada no prazo dun mes perante o/a reitor/a, tratándose de resolucións do/a director/a, ou perante o consello de goberno, tratándose de acordos do Consello do Instituto, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnábel perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

## TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS

### Artigo 4. Natureza e clase

1. O Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” é o centro adicado á investigación científica e á docencia especializada, de posgrao e de doutoramento na área de investigación encamiñada a profundar na cultura irlandesa e a súa relación coa galega, favorecendo a promoción e o desenvolvemento do coñecemento e a investigación científica sobre os aspectos máis útiles da realidade irlandesa, así como o ensino dos estudos irlandeses, relacionados cos aspectos lingüísticos e as humanidades, o estudo da economía pesqueira, desenvolvemento industrial, o turismo, os estudos mariños e a saúde. Obxectivos fundamentais para achegar todos estes sectores á realidade social galega.

2. O Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” é un instituto propio creado por acordo do Consello de Goberno con data de 24 de xullo de 2003.

### Artigo 5. Funcións

Son funcións do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” as seguintes:

- a. A planificación e execución de programas de investigación básica ou aplicada e, se é o caso, de creación artística.
- b. A organización e o desenvolvemento de cursos especializados e de doutoramento.
- c. O asesoramento científico e/ou técnico no ámbito da súa competencia.
- d. A promoción e realización de contratos con persoas físicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, de acordo coa lexislación vixente e cos Estatutos da Universidade da Coruña.
- e. Calquera outra función que as leis e os Estatutos lle atribúan.

## TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DO INSTITUTO

### CAPÍTULO I. DA ESTRUTURA DO INSTITUTO

**Artigo 6.** Membros do Instituto Universitario de Investigación de Estudos Irlandeses “Amergin”.

1. Son membros do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin”

- a) Persoal docente e/ ou investigador da Universidade da Coruña que se adscriba ao Instituto. Esta adscrición será por dous anos, renovándose tacitamente, agás renuncia da persoa interesada ou informe negativo do Consello do Instituto.
- b) Persoal investigador con cargo a convocatorias públicas nacionais ou autonómicas publicadas nos diarios oficiais, así como bolseiros e contratados de investigación da UDC.
- c) Persoal de Administración e Servizos, que poderá ser do cadro de persola da Universidade ou contratado para programas específicos de investigación.

2. Ningún membro dos sinalados no apartado anterior poderá pertencer a máis dun Instituto Universitario aos efectos do establecido nas Seccións Segunda e Terceira deste Título III do Regulamento de creación, modificación e supresión dos institutos universitarios de investigación da Universidade da Coruña, debendo optar, sempre a tales efectos, por aquel Instituto co que teña maior actividade ou afinidade

3. O número de membros non poderá ser inferior a doce doutores pertencentes ás categorías de catedráticos de universidade, profesores titulares de universidade, catedráticos de escola universitaria, profesores titulares de escola universitaria ou profesores contratados doutores, con dedicación a tempo completo.

4. Os institutos universitarios de investigación poderán contar con membros honorarios nomeados entre aquelas personalidades de recoñecido prestixio alleas á UDC que se destacaran polas súas investigacións nas materias encadradas no ámbito de actuación do Instituto. Estes membros honorarios serán nomeados polo reitor por proposta do, consello do Instituto. Non contarán para o número mínimo de membros establecido no número 3 deste artigo e non serán membros do Consello do Instituto.

### **Artigo 7. Adscrición de membros**

A adscrición de membros ao instituto universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” realizarase consonte o disposto no Regulamento de creación, modificación e supresión de institutos universitarios de investigación da Universidade da Coruña.

## **CAPÍTULO II. DO GOBERNO DO INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDIOS IRLANDESES “AMERGIN”,**

### **Artigo 8. Órganos de goberno do Instituto Universitario de Investigación**

Para o goberno, representación e administración do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” establécense os seguintes órganos:

a) Colexiados:

- Consello de Instituto.
- Comisión Permanente.

b) Unipersoais:

- Director/a do Instituto
- Secretario/a do Instituto

### **SECCIÓN PRIMEIRA. DO CONSELLO DE INSTITUTO**

#### **Artigo 9. Composición e competencias do Consello de Instituto**

A composición e as competencias do Consello de Instituto, así como a elección dos representantes dos sectores de membros non natos, son os recollidos no Regulamento de creación, modificación e supresión de institutos universitarios de investigación.

#### **Artigo 10. Funcionamento do Consello de Instituto**

1. O Consello do Instituto reunirase en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, unha vez ao ano, e en sesión extraordinaria sempre que o/a director/a o convoque por propia iniciativa ou por solicitude de dous terzos dos seus membros, en cuxo caso se realizará nos quince días seguintes ao de recepción da solicitude.

2. A orde do día das sesións será fixada polo/a director/a tendo en conta, se for o caso, que calquera dos membros do Consello do Instituto poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día. En tal caso, este punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicitase coa suficiente antelación.

3. A convocatoria será efectuada polo/a secretario/a do Instituto por orde do director/a ou de quen legalmente o/a substitúa. Esta convocatoria incluírá a data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a orde do día. As citacións da convocatoria cursaraas o/a secretario/a coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban

corenta e oito horas antes da celebración da sesión, incluíndo unha orde do día explícita, sen referencias xenéricas.

As citacións levaranse a cabo mediante notificación persoal por carta ao centro de traballo ou notificación en soporte informático con garantías da súa recepción.

4. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a director/a, poderanse convocar ás sesións do Pleno ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.

5. As sesións extraordinarias do Consello do Instituto están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só vinte e catro horas de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

6. Dado o carácter multidisciplinar deste instituto universitario e para unha maior axilidade e mellor funcionamento do mesmo, a Comisión Permanente terá as competencias outorgadas polo propio Consello.

### **Artigo 11. Constitución**

Para a válida constitución do Consello do Instituto, para efectos da realización das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do/a director/a e secretario/a ou, se for o caso, de quen os/as substitúa e da metade, polo menos, dos seus membros, sen contar os membros honorarios.

De non se alcanzar este quórum e, a menos que na notificación se convocase a sesión en única convocatoria, o Consello do Instituto poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza da terceira parte dos seus membros, sen contar os honorarios, e, en todo caso, a do/a director/a e secretario/a ou, se for o caso, de quen os/as substitúan.

### **Artigo 12. Asistencia e desenvolvemento das sesións**

1. A asistencia ás sesións do Consello de Instituto é un dereito e un deber dos membros que o integran.

2. A condición de membro do Consello é persoal e non delegable.

3. Calquera ausencia poderase xustificar por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante o/a secretario/a.

4. Ás sesións do Consello de Instituto só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 10, apartado 4.

5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano

colexiado, sen contar os honorarios, e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

### **Artigo 13. Votacións e adopción de acordos**

1. As votacións poderanse realizar por asentimento por proposta do/a director/a, a man alzada, pública por chamamento, ou secreta. O/a director/a decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser utilizada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello non suscitaren oposición de ningún membro desta e non requirise outra forma de votación ningún membro.
2. O Consello adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa, legal ou regulamentarmente, maioría absoluta ou cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación, o/a director/a decidirá co seu voto de calidade.
4. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas. Tampouco poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e Preguntas” ou similares.
5. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse.

### **Artigo 14. Actas**

1. De cada sesión que teña lugar do Consello do Instituto redactará a acta o/a secretario/a, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen a xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.
2. Na acta figurará, após solicitude dos respectivos membros do Consello, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinala o/a director/a o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.
3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.



4. Cando os membros do órgano votaren en contra ou se abstiveren, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, puidese derivarse dos acordos.
5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, podendo non obstante emitir o/a secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

**Artigo 15. Comisión Permanente do Consello do Instituto.**

1. Poderase crear unha Comisión Permanente, con competencias delegadas polo consello do Instituto. Os acordos que adopte a Comisión Permanente serán comunicadas ao Consello do Instituto na primeira sesión ordinaria que se realice.
2. A composición da Comisión Permanente será a seguinte:
  - a) O Director do Instituto, que convocará e presidirá.
  - b) O secretario do Instituto, que o será tamén da Comisión.
  - c) Un representante do Persoal de Administración e Servizos
  - d) Un representante do persoal investigador.
3. As competencias da Comisión Permanente serán as seguintes:
  - a. Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
  - b. Coñecer e decidir sobre calquera asunto que expresamente delegue nela o Consello do Instituto.
  - c. No seu funcionamento rexerese polas mesmas normas recollidas no presente regulamento nos seus arts doce a catorce, facéndose as convocatorias ordinarias con, polo menos, corenta e oito horas de antelación, agás as que se trate de sesións extraordinarias por razóns de urxencia, en que o devandito prazo poderá reducirse a vinte e catro.
  - d. Para a súa renovación seguiranse os mesmos criterios que establecen a súa constitución.

**Artigo 16. Comisións do Consello do Instituto**

1. O Consello do Instituto, para efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír comisións con carácter de apoio ou asesoramento que non terán capacidade decisoria, e que deberá remitir todas as propostas que se adoptaren ao Consello do Instituto ou ao/á director/a, se for o caso, que decidirán en última instancia.

2. As comisións estarán compostas polos membros do Consello do Instituto designados por el mesmo. A súa renovación levarase a cabo seguindo os criterios que estableza o propio Consello.
3. As funcións que correspondan a cada comisión asignarallas o Consello do Instituto.
4. Para o seu funcionamento e adopción de acordos rexeranse polas normas establecidas para o Consello do Instituto no presente regulamento.

## **SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

### **Artigo 17. Do/a director/a do Instituto**

1. O procedemento de elección e as competencias do/a director/a do Instituto de Investigación rexeranse polo establecido na normativa aplicable ao efecto.
2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a director/a será substituído/a pola persoa expresamente designada por aquel/a.

### **Artigo 18. Do/a secretario/a do Instituto**

1. O/a secretario/a é o/a fedatario/a dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración do instituto. A súas funcións son as recollidas no Regulamento de creación, modificación e supresión de institutos universitarios de investigación.
2. O/a secretario/a será nomeado/a polo/a reitor/a, por proposta do/a director/a do Instituto, entre o persoal docente e/ ou investigador da Universidade da Coruña que se adscriba ao Instituto.
3. O/a secretario/a cesará no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a reitor/a, por proposta do/a director/a do Instituto.

## TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO

### Artigo 19. Recursos económicos

1. Para a realización da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión, e para a investigación, o Instituto dispón:

- a) Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
- b) Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
- c) Das aportacións das entidades públicas e privadas coas que asinen proxectos, contratos e/ ou convenios.

A UDC aportará as cantidades que correspondan pola produción científica dos membros que así o soliciten, así como un mínimo para gastos de representación, material inventariable e material funxible.

2. Corresponde aos órganos de goberno do Instituto velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a ela. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos ao Instituto, e esta será supervisada polo/a director/a do Instituto.

### Artigo 20. Competencias en materia económica

1. O Consello do Instituto adoptará anualmente os criterios para a asignación dos recursos do instituto que serán destinados ao funcionamento deste e á atención das tarefas docentes e/ou investigadoras dos membros que o integran.

2. Correspóndelle á dirección do instituto:

- a) Elaborar o proxecto de orzamento e autorizar os gastos dentro das previsións do mesmo.
- b) Elaborar e presentar anualmente ao Consello, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos do instituto no seu conxunto co reparto máis pormenorizado posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercizo económico seguinte.
- c) Elaborar e presentar anualmente ao Consello, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do instituto no seu conxunto, distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gastounha vez rematado cada exercizo económico.

3. Correspóndelle ao Consello do instituto:

- a) Coñecer e, de ser o caso, aprobar a proposta do orzamento anual do Instituto.
- b) Coñecer e, se for o caso, aprobar, as estimacións dos ingresos e gastos e a conta xeral de ingresos e gastos ás que se refiren os puntos b) e c) do apartado anterior.

## **TÍTULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO**

### **Artigo 21. Iniciativa de reforma do regulamento**

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello do Instituto, sen contar os honorarios. A proposta de modificación presentárase mediante escrito motivado dirixido ao/a director/a, indicando concretamente o que se quere reformar cunha redacción alternativa.

### **Artigo 22. Tramitación da reforma do regulamento**

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria adxuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

### **Artigo 23. Aprobación da proposta de modificación do regulamento**

Para a modificación do regulamento requírese a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do consello, sen contar os honorarios, e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade, após da remisión a este do texto aprobado polo Consello de Instituto.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

ÚNICA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor o mesmo día en que o aprobe o Consello de Goberno da Universidade da Coruña.